



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Marzo 2018


Santiago de Compostela, 09 de maio de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2018

- O índice de producción industrial de Galicia registrou en marzo de 2018 un avance do 6,7% con respecto a marzo de 2017, mentres que a nivel nacional rexistrouse unha baixada do 3,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, rexistraron repercusións positivas os bens intermedios (0,8 puntos) e a enerxía (10,4 puntos). Pola contra, rexistraron repercusións negativas os bens consumo (-2,1 puntos) e os bens de equipo (-2,4 puntos).
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “producción de enerxía eléctrica” que achega 8,4 puntos, á “fabricación doutro material de transporte” que suma 1,1 puntos e á “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que engade 0,8 puntos á taxa interanual do índice.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “fabricación de vehículos de motor” que resta 2,8 puntos e a “fabricación de mobles”, a “fabricación de produtos metálicos” e a “industria da alimentación”, que restan 0,7 puntos cada unha delas.

Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2018



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de marzo de 2018 en Galicia acadou unha taxa interanual do 6,7%, minorando en 7,4 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (14,1%). En España rexistrouse un retroceso do 3,6%, empeorando en 6,3 puntos a taxa acadada no mes anterior (2,8%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 8,2%, o que resta 2,1 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un retroceso do 9,1%, o que resta 2,4 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** suben un 3,0% cunha repercusión positiva de 0,8 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que sube un 52,5% e achega 10,4 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de febreiro de 2018, por destino económico, os bens de consumo minoran en 9,9 puntos, os bens de equipo diminúen 18,9 puntos, os bens intermedios minoran 21,6 puntos e a enerxía sube 34,4 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de marzo foron: “produción de enerxía eléctrica” que achega 8,4 puntos, a “fabricación doutro material de transporte” que suma 1,1 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que achega 0,8 puntos á taxa interanual do índice.

No que respecta ás repercusións negativas destaca a “fabricación de vehículos de motor” que resta 2,8 puntos e a “fabricación de mobles”, a “fabricación de produtos metálicos” e a “industria da alimentación”, que restan 0,7 puntos cada unha delas.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 6,7% de Galicia e o -9,8% de La Rioja. Ademais de Galicia, presentan crecementos interanuais positivos: Extremadura (5,0%), Cantabria (2,2%), Asturias (0,5%) e Castilla y León (0,3%).

IPI marzo 2018 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Marzo 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	115,4	6,7	8,4	--	--
Bens de consumo	111,8	-8,2	-0,9	-2,1	-0,2
Bens de equipo	99,9	-9,1	-0,5	-2,4	-0,1
Bens intermedios	126,0	3,0	13,9	0,8	3,7
Enerxía	123,8	52,5	19,8	10,4	5,0
España					
Xeral	110,6	-3,6	0,7	--	--
Bens de consumo	107,2	-6,1	-0,8	-1,6	-0,2
Bens de equipo	117,1	-6,2	0,5	-1,5	0,1
Bens intermedios	112,6	-6,0	1,4	-1,9	0,4
Enerxía	105,4	7,7	1,5	1,4	0,3

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Marzo 2018

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	6,7		8,4		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	51,9	8,4	20,2	4,2	22,3
Fabricación doutro material de transporte	83,6	1,1	69,5	0,9	2,0
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	22,3	0,8	9,6	0,4	4,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	7,0	0,3	13,8	0,5	3,6
Outras industrias extractivas	34,6	0,2	55,9	0,3	1,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	3,8	0,1	10,7	0,3	2,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	3,1	0,1	15,5	0,3	1,4
Industria química	2,9	0,1	7,4	0,1	1,5
Outras industrias manufactureiras	10,4	0,0	36,1	0,1	0,5
Industria do papel	-2,3	0,0	4,3	0,1	2,2
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-4,1	-0,1	2,2	0,1	2,5
Industria téxtil	-25,7	-0,2	-11,2	-0,1	0,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-4,0	-0,2	21,7	1,1	5,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-8,3	-0,2	8,6	0,2	2,0
Fabricación de bebidas	-7,7	-0,3	3,5	0,1	3,5
Confección de roupa de vestir	-9,3	-0,5	-5,1	-0,2	4,1
Fabricación de mobles	-32,3	-0,7	-22,1	-0,3	1,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-7,9	-0,7	6,6	0,5	7,7
Industria da alimentación	-5,5	-0,7	2,2	0,3	13,2
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-21,2	-2,8	-10,7	-1,4	13,1
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Marzo 2018

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	110,6	-3,6	0,7
Galicia	115,4	6,7	8,4
Andalucía	98,8	-6,1	-0,2
Aragón	110,5	-2,4	0,1
Asturias	107,1	0,5	3,8
Baleares (Illes)	95,8	-5,0	-3,8
Canarias	100,7	-2,2	-1,6
Cantabria	124,5	2,2	9,8
Castilla - La Mancha	104,5	-3,8	-0,5
Castilla y León	110,1	0,3	-1,3
Cataluña	113,8	-4,4	1,8
Comunitat Valenciana	109,0	-6,7	-1,8
Extremadura	109,2	5,0	5,7
Madrid	118,5	-1,4	-1,2
Murcia	103,8	-5,9	1,2
Navarra	108,8	-7,9	-2,6
País Vasco	112,0	-7,0	0,4
Rioja (La)	99,1	-9,8	-1,8

Fonte: INE